



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE AGOSTO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día dezasete de agosto de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016.: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande e don Ramón Boga Moscoso.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 8 de agosto de 2017**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión (non asistiu don Ramón Boga Moscoso), e están hoxe presentes, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- R.P. 24568/2017, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO206: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico en xestión cultural e/ou animación sociocultural, durante o ano 2017. Figura o Concello de Cambre co



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

obxecto “persoal técnico en xestión cultural” cun importe de subvención de 12.000,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 149, do 8 de agosto de 2017).

- Orde do 21 de xullo de 2017 da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018. (Diario Oficial da Galicia número 151, do 9 de agosto de 2017).

- Orde do 1 de agosto de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG número 14, do 20 de xaneiro de 2017). (Diario Oficial de Galicia número 152, do 10 de agosto de 2017).

### 3º Expedientes de contratación

#### **3.1 Incautación e execución parcial do aval presentado para garantir a correcta execución da obra cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña, denominada “Construción dunha nova instalación para o servizo de protección civil en convenio coa Deputación Provincial da Coruña”, (exp. 12/47-19 OB)**

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de agosto de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais con data de 15 de xuño de 2017 no que propón a adopción dos seguintes acordos:

*“Primeiro: Acordar que se proceda á incautación parcial e execución da garantía definitiva depositada no expediente nº 12/47-19 OB, pola entidade “Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L.”, adxudataria da obra cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña, denominada “Construción dunha nova instalación para o servizo de protección civil en convenio coa Deputación Provincial da Coruña”, garantía por importe de 9.901,91 euros, constituída mediante aval nº 9340.03.1749796-18 da entidade “Caixabank, S.A.”, depositado na Tesourería Municipal o 16 de maio de 2013.*

*Os motivos da incautación consisten na detección, polo arquitecto municipal, durante o prazo de garantía das obras, de deficiencias que a día de hoxe aínda non fóron corrixidas, pese aos requirimentos dirixidos ao contratista para o efecto, e que, segundo informes emitidos polo arquitecto municipal os días 18 de novembro de 2014 e 19 de maio de 2016, e máis polo director externo da obra don Santiago González Rodríguez con data do 11 de decembro de 2014 , consisten en que :*

- a. Existen humidades tanto nos zócalos dos pasillos como nunha das paredes do ximnasio*
- b. Existen diversas grietas no espazo destinado á cocheira*



- c. Os paneis solares instalados na cuberta non están dispostos para o servizo
- d. Detectaróense defectos na instalación da rede Ethernet, consistentes nunha instalación indebida do cableado, sen respectar códigos de cores nin norma de conexión ; pero dada a necesidade de uso desta rede, o propio concello efectuou unha reparación parcial dela, sen embargo deberá comprobarse a totalidade desta instalación

Estas obras son valoradas economicamente polo arquitecto municipal no importe de 7.000,00 euros IVE incluído, segundo informe emitido polo citado técnico municipal o 19 de maio de 2016, suma que resulta inferior á da garantía depositada polo adxudicatario, polo que se procederá á incautación e execución da parte da garantía precisa para sufragar o importe das obras necesarias para a reparación do edificio, valoradas en 7.000,00 euros, e á devolución á entidade adxudicataria do saldo restante.

*Segundo:* Dar traslado dos presentes acordos ao Departamento de Tesourería municipal, para incautación e execución parcial do aval depositado para garantir a correcta execución da obra, e conseguinte devolución da suma restante.

*Terceiro:* Notificar ao arquitecto municipal e máis ao director externo da obra, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

*Cuarto:* Notificar ás entidades contratista ("Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L."), esta a través do seu administrador concursal en autos de concurso abreviado nº 453/2013, e á entidade avalista ("Caixabank, S.A."), facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente".

Visto que coa mesma data de 15 de xuño de 2017 rexistrouse de entrada, fóra de prazo, ao número 0/5389, escrito de alegacións presentado pola entidade "Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L." no que solicitaba que se lle autorizara a reparación dos desperfectos detectados na obra de referencia "así como que se proceda a paralizar a incautación do aval e, tras as comprobacións oportunas de reparación dos deperfectos, se proceda á devolución do aval prestado a esta entidade concursal".



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Visto que con data de 10 de agosto de 2017 o arquitecto municipal emitiu informe no que propón *“non acceder ao solicitado por parte do administrador concursal da entidade “Proxecta, actividades profesionais da construción S.L.” relativo á reparación dos danos detectados na obra “construción dunha nova instalación para o servizo de protección civil”*”.

Visto o informe proposta emitido pola secretaría xeral con data de 14 de agosto de 2017.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Non admitir a trámite as alegacións presentadas no expediente nº 12/47-19 OB (“Construcción dunha nova instalación para o servizo de protección civil en convenio coa Deputación Provincial da Coruña”) por don José Rafael Sánchez Medina, administrador concursal da empresa “Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L.”, que se recollen no escrito rexistrado de entrada con data de 15 de xuño de 2017, ao número 0/5389, pois non foron presentadas dentro do prazo establecido ao efecto, tal e como se deriva do informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais con data de 15 de xuño de 2017 no que se fai constar que *“notificados os anteriores acordos á entidade adxudicataria da obra e á entidade avalista, constan recibidos por ambas con data do 30 de maio de 2017, segundo avisos de recibimento debidamente asinados que obran no expediente. Tendo en conta que o prazo de audiencia outorgado era de dez días naturais a contar desde o seguinte ao da notificación dos acordos, este prazo remataba o día 9 de xuño de 2017. No prazo antedito, ningunha das dúas entidades ás que se lle concedeu audiencia (“Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L.”, e “Caixabank, S.A.”) presentaron alegación ningunha”*.

Non obstante, con data de 10 de agosto de 2017 o arquitecto municipal emitiu informe respecto das mesmas propoñendo que *“non se acceda ao solicitado por parte do administrador concursal da entidade “Proxecta, actividades profesionais da construción S.L.” relativo á reparación dos danos detectados na obra “construción dunha nova instalación para o servizo de protección civil”*”.

**Segundo:** Incautar e executar parcialmente a garantía definitiva depositada no expediente nº 12/47-19 OB pola entidade “Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L.”, adxudicataria da obra cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña, denominada “Construcción dunha nova instalación para o servizo de protección civil en convenio coa Deputación Provincial da Coruña”.

A garantía constitúese por importe de 9.901,91 euros, mediante aval nº 9340.03.1749796-18 da entidade “Caixabank, S.A.”, depositado na Tesourería Municipal o 16 de maio de 2013.

Os motivos da incautación consisten na detección polo arquitecto municipal, durante o prazo de garantía das obras, de deficiencias que a día de hoxe aínda non foron corrixidas, pese aos requirimentos dirixidos ao contratista para o efecto e que, segundo informes emitidos polo arquitecto municipal os días 18 de novembro de 2014 e 19 de maio de 2016 máis polo director externo da obra, don Santiago González Rodríguez, con data do 11 de decembro de 2014, consisten en que :



- a. Existen humidades tanto nos zócalos dos pasillos como nunha das paredes do ximnasio
- b. Existen diversas grietas no espazo destinado á cocheira
- c. Os paneis solares instalados na cuberta non están dispostos para o servizo
- d. Detectáronse defectos na instalación da rede Ethernet, consistentes nunha instalación indebida do cableado, sen respectar códigos de cores nin norma de conexión; pero dada a necesidade de uso desta rede, o propio concello efectuou unha reparación parcial dela, sen embargo deberá comprobarse a totalidade desta instalación

Estas obras son valoradas economicamente polo arquitecto municipal no importe de 7.000,00 euros IVE incluído, segundo informe emitido polo citado técnico municipal o 19 de maio de 2016, suma que resulta inferior á da garantía depositada polo adxudicatario, polo que se procederá á incautación e execución da parte da garantía precisa para sufragar o importe das obras necesarias para a reparación do edificio, valoradas en 7.000,00 euros, e á devolución á entidade adxudicataria do saldo restante.

**Terceiro:** Dar traslado dos presentes acordos ao Departamento de Tesourería municipal con fin de que proceda á incautación e execución parcial do aval depositado para garantir a correcta execución da obra e conseguinte devolución da suma restante.

**Cuarto:** Notificar ao arquitecto municipal e máis ao director externo da obra, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

**Quinto:** Notificar á entidade contratista ("Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L.") a través do seu administrador concursal en autos de concurso abreviado nº 453/2013 e á entidade avalista ("Caixabank, S.A.") indicándolles que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

#### 4º. Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Proxecto básico e de execución de instalacións de ascensor na Casa Consistorial de Cambre" incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Excma. Deputación Provincial da Coruña

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de agosto de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000005	CONSTRUCCIONES NAVILA S.L.	B15148752	Certificación nº 1 da obra "Proxecto básico e de execución de instalacións de ascensor na Casa Consistorial de Cambre" incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016	35.167,21 €	F/2017/3728	28/07/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada pola responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto, así como a acta de recepción da obra de data 27 de abril de 2017.

Vista a providencia formulada o 10 de agosto de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2016/C003/000005	CONSTRUCCIONES NAVILA S.L.	B15148752	Certificación nº 1 da obra "Proxecto básico e de execución de instalacións de ascensor na Casa Consistorial de Cambre" incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016	35.167,21 €

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## 5º Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de agosto de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2017/C002/000002	ALVAC, S.A.	A40015851	Certificación Liquidación da obra "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"	4.110,06 €	F/2017/3200	03/07/2017

Comprobado o cuadro aritmético da mesma.

Visto que se trata dunha certificación de liquidación de obra e que consta informe á liquidación asinado pola directora da obra e o contratista.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada pola responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a providencia formulada o 10 de agosto de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2017/C002/000002	ALVAC, S.A.	A40015851	Certificación Liquidación da obra "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"	4.110,06 €

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 6º Corrección de erros do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de aprobación de certificación de obra correspondente á obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Cambre", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Adicional (POS Adicional) 1/2015, no exp TEdEC 2017/G006/00153**

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de agosto de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2017, adoptou acordo de aprobación de certificación de obra correspondente á obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Adicional (POS Adicional) 1/2015, co seguinte tenor literal :

« Primeiro: Aprobar as seguintes certificacións de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000001	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	B15293145	Certificación núm. 1 da obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", POS Adicional 1/2015	15.210,84 €

»

Tendo en conta que, tal e como figura no expediente e no texto da proposta, a certificación de obra que se aproba e a núm. 4, e non a núm. 1:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000001	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	B15293145	Certificación núm. 4 da obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", POS Adicional 1/2015	15.210,84 €	F/2017/3077	20/06/2017

Tratándose dun erro material na transcripción, e tendo en conta o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, "Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos."

Tendo en conta a providencia formulada o 10 de agosto de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Rectificar o erro material detectado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de data 18 de xullo de 2017, A) Aprobación de certificación de obra correspondente á obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Adicional (POS Adicional) 1/2015 , isto de conformidade co establecido no artigo artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo: O acordo da Xunta de goberno local A) Aprobación de certificación de obra correspondente á obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", incluída no Plan



Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Adicional (POS Adicional) 1/2015, de data 18 de xullo queda redactado do teor literal seguinte:

**« A) Aprobación de certificación de obra correspondente á obra “Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Adicional (POS Adicional) 1/2015.**

Vista a proposta de Alcaldía de data 7 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa súa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000001	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	B15293145	Certificación núm. 4 da obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", POS Adicional 1/2015	15.210,84 €	F/2017/3077	20/06/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada pola responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000001	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	B15293145	Certificación núm. 4 da obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", POS Adicional 1/2015	15.210,84 €

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos. »

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**7º Aprobación de certificación de obra correspondente á obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Adicional (POS Adicional) 1/2015**



Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de agosto de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000001	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	B15293145	Certificación núm. 5 da obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", POS Adicional 1/2015	15.915,15 €	F/2017/3699	20/07/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo xefe da sección de Obras e Servizos e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto, así como acta de recepción da obra de data 28 de xullo de 2017.

Vista a providencia formulada o 10 de agosto de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000001	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	B15293145	Certificación núm. 5 da obra "Renovación de beirarrúas na rúa O Temple, Cambre", POS Adicional 1/2015	15.915,15 €

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**8º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación número 1467/2017 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente número 1467/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1467/2017	04/08/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AVG
1468/2017	04/08/2017	Conceder a axuda alimentación. Solicitante: MBVV
1469/2017	04/08/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MBG
1470/2017	04/08/2017	Conceder a axuda alimentación. Solicitante: ACBDS
1471/2017	04/08/2017	Conceder a axuda alimentación. Solicitante: MECS
1472/2017	04/08/2017	Conceder a axuda vale alimentos. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJPC
1473/2017	04/08/2017	Denegar a axuda de alimentación segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: LAP
1474/2017	04/08/2017	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade Solicitante: MDFM
1475/2017	04/08/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de agosto de 2017
1476/2017	04/08/2017	Conceder a licenza para a ocupación de 13 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o ano 2017 fronte ao local Bote 97. Solicitante: JPT
1477/2017	04/08/2017	Conceder a licenza para a ocupación de 9 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o ano 2017 fronte ao local PIZZA MOVIL. Solicitante: L36, S.L
1478/2017	04/08/2017	Conceder a licenza para ampliar en 7m <sup>2</sup> a ocupación de vía pública concedida para a instalación dunha terraza fronte á cervexaría Shiva. Solicitante: FPF
1479/2017	04/08/2017	Conceder a licenza para a ocupación de 10 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o mes de maio e o 2º semestre do ano 2017 fronte á cervexaría 7+7. Solicitante: ST, S.L.
1480/2017	04/08/2017	Conceder a licenza a para a ocupación de 7 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o ano 2017 fronte á fachada principal da cervexaría Templarios. Solicitante: CS, S.L.U.
1481/2017	04/08/2017	Conceder a licenza para a ocupación de 13 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o ano 2017 fronte ao local cervexaría Bremen. Solicitante: JGF



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1482/2017	04/08/2017	Conceder a licenza para a ocupación de 13 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante os meses de marzo, abril, maio e xuño e de 16 m <sup>2</sup> durante o 2º semestre do 2017 fronte ao Mesón O Bo Tapeo. Solicitante: BRF
1483/2017	04/08/2017	Conceder a licenza para a ocupación de 33 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o ano 2017 e para ampliación en 34 m <sup>2</sup> durante o mes de xullo fronte ao local Casa Leonardo. Solicitante: M <sup>o</sup> DFV
1484/2017	04/08/2017	Conceder a licenza para a celebración das festas en honra a San Salvador de Cecebre os días 5, 6, 7 e 8 de agosto de 2017. Solicitante: Comisión festas NV
1485/2017	04/08/2017	Non conceder a autorización para exercer a venda ambulante durante a celebración das festas de San Salvador de Cecebre os días 5, 6, 7 e 8 de agosto do 2017, na zona delimitada pola Comisión de Festas, en horario de 09:00 a 03:30 horas da noite para a venda de produtos de alimentación. Solicitante: RLG
1486/2017	07/08/2017	Aprobación admitidos na 2ª quincena dos campamentos urbanos de verán 2017
1487/2017	07/08/2017	Aprobación liquidacións actividades xuvenís mes de xullo por un importe total de 3386,38 euros
1488/2017	08/08/2017	Alta no servizo de axuda no fogar OSA
1489/2017	08/08/2017	Baixa no servizo de axuda no fogar ARB
1490/2017	08/08/2017	Denegar a axuda alimentación por non estar acreditada a situación de necesidade. Solicitante: LVG
1491/2017	08/08/2017	Denegar a axuda alimentación por saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: YSJB
1492/2017	08/08/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto Solicitante: CPS
1493/2017	08/08/2017	Conceder a axuda lentes correctoras por importe de 138 euros. Solicitante: CRDSR
1494/2017	08/08/2017	Recurso de EMBI contra os recibos de auga e sumidoiro xerados no inmovible sito na rúa Ramón Cabanillas nos trimestres 3º e 4º do ano 2015
1495/2017	08/08/2017	Aprobar as liquidacións do prezo público correspondente ao programa "Campamento Urbano de Verán 2017-2ª quincena" por un importe total de 5.655,50 euros (4.703,50 euros relativos ás actividades e 952,00 euros relativos ás taxas do comedor)
1496/2017	08/08/2017	Avocación de competencias do sexto tenente de alcalde don Ramón Boga Moscoso, dende o día 8 ao 21 de agosto de 2017, ambos os dous incluídos
1497/2017	08/08/2017	Avocación de competencias do primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dende o día 9 ao 21 de agosto de 2017, ambos os dous incluídos
1498/2017	08/08/2017	Aprobación bases concurso de graffitis dentro do festival



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		cromático mural fest 2017
1499/2017	08/08/2017	Adxudicación da licitación para o outorgamento de licenza de instalación e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no campo da feira de Cambre, con motivo do XXVI Festival Rock in Cambre 2017, durante os días 18, 19 e 20 de agosto de 2017
1500/2017	09/08/2017	Aprobación da organización torneo de chave 2017 e autorizar un gasto por un importe de total de 1.320,00 euros
1501/2017	09/08/2017	Aprobación provisional da relación de solicitantes para o outorgamento de autorizacións dos postos de venda ambulante na feira do Temple
1502/2017	09/08/2017	Aprobación organización carreira popular 2017 e autorizar un gasto por importe de 6.230,00 euros
1503/2017	09/08/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 20.994,88 euros
1504/2017	09/08/2017	Requirimento de ingreso, ao BS, S.A., do importe do aval núm. 1271/008, presentado por C33, S.L.
1505/2017	09/08/2017	Resolución do recurso de reposición interposto por BCCV contra liquidacións polo servizo de auga e sumidoiro dos segundo e terceiro trimestre do ano 2013.
1506/2017	10/08/2017	Execución parcial do aval outorgado pola entidade CAIXABANK, S.A, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 9340.03.1749796-18, prestado en garantía da correcta execución por parte de PROYECTA, ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN, S.L, da obra "Construción dunha nova instalación para o servizo de protección civil en Convenio coa Deputación Provincial da Coruña", Exp.12/47-19B.
1507/2017	10/08/2017	Resolución do recurso de reposición interposto por MTFS contra liquidacións polo servizo de auga e sumidoiro desde o segundo trimestre do ano 2013 ao primeiro do 2015
1508/2017	10/08/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 71.736,79 euros
1509/2017	10/08/2017	Expediente de orde de execución 2017/I002/91
1510/2017	10/08/2017	Conceder a licenza para construír un muro de contención na finca sita na Xira, Sigrás. Solicitante: MFC
1511/2017	10/08/2017	Conceder a licenza primeira ocupación vivenda unifamiliar en Lendoiro, Cecebre. Solicitante: RMSC
1512/2017	10/08/2017	Conceder a licenza obra para mellora de rede media tensión en Sobrecarreira, Sigrás. Solicitante: UFD, SA
1513/2017	10/08/2017	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar dona GV D no café-bar "Kamila", sito na rúa Párroco Manuel Cobas, O Temple, consistentes na instalación e uso de aparellos de música no interior dun local amparado con licenza do grupo I



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## 9º. Informes doutros asuntos de área

### Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, e Medio Ambiente

Don Juan A. González Leirós dá conta do seguinte asunto:

- O sábado, día 12, asistiu, xunto co concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio don Ramón Boga Moscoso e a concelleira de Participación Cidadá e Movemento Asociativo dona María Dolores Blanca García Fernández ao acto de recibimento e despedida da orde dos cabaleiros de María Pita, que estaban a promocionar o camiño inglés. O citado acto tivo lugar na igrexa de Sigrás.

### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta dos seguintes asuntos:

- Venres 11 presentou o faladoiro "Rock e Xénero" realizado no CS A Barcala dentro da programación do Rock in Cambre.
- Mércores 16 agosto reunión con veciños Cecebre no local social do Apeadeiro.

Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- Sábado 12 asistiu a entrega de premios do XXXIII torneo de chave Concello de Cambre.
- Martes 15 asistiu a entrega de premios da XXVIII Carreira Popular Concello de Cambre que contou cun total de 956 inscritos.
- Martes 15 asistiu a final do XLV Torneo Municipal Concello de Cambre de Fútbol no que resulta campión en categoría xuvenil o Once Caballeros C.F e en categoría afeccionados o Brexo Lema S.D.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López